

O Carballiño

BOLETÍN INFORMATIVO



Manuel Chan, candidato á alcaldía do Carballiño polo BNG

O CARBALLIÑO MERECE MÁIS

Un Carballiño vivo, coidado e con oportunidades

O Carballiño ten forza, historia, patrimonio e persoas con ganas de facer avanzar a vila. Mais tamén ten retos que non pode seguir adiando: facilitar o acceso á vivenda, reforzar os servizos públicos, recuperar e coidar o Parque Municipal, apoiar o comercio local e crear oportunidades para que a mocidade poida construír aquí o seu futuro. Queremos rachar coa resignación dos gobernos e daqueles que permiten converter os problemas en habituais.

Preséntome como candidato do BNG porque estou convencido de que O Carballiño pode aspirar a máis. A un goberno municipal que faga que o Concello escoite, que explique as súas decisións, que coide o que é de todos e todas e que traballe cun proxecto de futuro.

Quero facer política dende a proximidade, falando coa xente, escoitando as súas preocupacións e defendendo solucións realistas. Merecemos un goberno que planifique, que dialogue e que poña sempre por diante o interese xeral da veciñanza.

**Un Carballiño con máis
oportunidades, máis
coidados e máis futuro.**

O BNG demostrou en moitos concellos que outra forma de gobernar é posíbel: con proximidade, planificación, transparencia e pensando sempre no interese xeral. Ese é o modelo que queremos para O Carballiño.

O CARBALLIÑO NECESITA UN PROXECTO DE FUTURO

Manuel Chan dá o paso de encabezar a candidatura do BNG á Alcaldía do Carballiño coa vontade de abrir unha nova etapa. Unha etapa baseada na proximidade, na participación e nun proxecto claro para mellorar a vida das persoas. Coa experiencia dun equipo comprometido e con novas ideas para afrontar os retos da vila, o BNG quere construír un Carballiño con máis oportunidades e máis futuro.

Que che impulsa a ser o candidato á Alcaldía do Carballiño?

Estou convencido de que O Carballiño pode dar moito máis de si. Temos un concello con identidade, cun comercio e unha hostalaría que son un referente e cun patrimonio que debemos poñer en valor. Mais tamén hai problemas que levan demasiado tempo sen resposta.

Dou este paso para construír un proxecto útil, próximo e transparente. Un proxecto que non se limite a xestionar o día a día, senón que planifique o futuro e mellore a vida das persoas.

Cal é, ao teu ver, o principal problema que ten hoxe O Carballiño?

Carece o noso concello dun proxecto global para a vila e as parroquias. Hai cuestións que se abordan de maneira illada, sen planificación e sen unha visión de futuro: a vivenda, o Parque Municipal, a sanidade, o patrimonio, o comercio ou a atención ás persoas maiores.

Queremos liquidar o funcionamento municipal que se fai a base de anuncios, remendos e improvisación. O BNG ofrece planificación, diálogo e un rumbo claro para construír o futuro.



Manuel Chan, candidato á alcaldía do Carballiño polo BNG

“O Carballiño non pode seguir funcionando a base de remendos”

A vivenda é unha preocupación crecente. Que pode facer o Concello?

A vivenda converteuse nun dos grandes retos do Carballiño. Hai persoas mozas que non poden emanciparse, familias con dificultades para atopar un alugueiro e moitas vivendas baleiras que permanecen pechadas.

O goberno municipal co BNG vai estar aí e non quedará á marxe deste problema. Elaboraremos un censo de vivenda baleira, favoreceremos acordos coas persoas propietarias para mobilizala e impulsar a recuperación de inmóbeis abandonados para uso social. Ao mesmo tempo, esixiremos á Xunta de Galiza máis vivenda pública para a comarca.

COMPROMISO RENOVADO CO CARBALLIÑO



Manuel Chan, candidato do BNG, co pobo na súa festa.

Como se pode apoiar o comercio, a hostalaría e as pequenas empresas?

O comercio, a hostalaría e os pequenos negocios son parte da identidade do Carballiño. Xeran emprego, dinamizan as rúas e fan da vila un lugar vivo. O Concello debe ser un aliado, non un simple espectador.

Necesitamos unha estratexia estábel que apoie o comercio local, impulse a dixitalización, dinamice o mercado e axude ás persoas emprendedoras. Mais tamén apostamos pola cultura, a programación de actividades e a promoción da nosa lingua, porque unha vila con vida cultural é tamén un lugar con máis oportunidades para o comercio e a hostalaría.

O Parque Municipal e o río Arenteiro son parte da identidade da vila. Que futuro lles ves?

O Parque Municipal é un dos grandes símbolos do Carballiño e merece moito máis que actuacións puntuais. Queremos poñer en marcha un plan integral de conservación, mellora e mantemento, elaborado con criterios técnicos e coa participación das persoas que mellor coñecen este espazo.

O río Arenteiro tamén debe recuperar o protagonismo que merece. Coidalo, facelo máis accesíbel e integralo na vida da vila é apostar pola calidade de vida, polo turismo e por un modelo de desenvolvemento máis sustentábel.

Que papel debe xogar o Concello na defensa da sanidade e da atención ás persoas maiores?

A sanidade é competencia da Xunta de Galiza, aínda así o Concello non pode quedar calado cando existen problemas. O BNG lidera a defensa dos servizos públicos, apoiando as reivindicacións da cidadanía e reclamando solucións cando faltan profesionais ou recursos. Este é un compromiso do BNG no goberno municipal.

Responderemos ao envellecemento da poboación reforzando o Servizo de Axuda no Fogar e reclamando máis prazas públicas de residencia. Ao mesmo tempo, impulsaremos políticas que axuden á mocidade a quedar aquí e avanzar cara a un concello máis igualitario, que favoreza a conciliación e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Un Concello útil é aquel que defende á súa xente cando máis o necesita.

Que pode agardar a veciñanza dun alcalde do BNG?

Quero ser un alcalde próximo, que escoite antes de decidir e que dea explicacións das súas decisións. Un alcalde que estea na rúa, que dialogue coa cidadanía e que actúe con transparencia.

Creo nun Concello aberto, participativo e útil, que defenda os intereses da súa xente e tamén do territorio no que vivimos. Iso significa apoiar o noso comercio, protexer o patrimonio, defender os servizos públicos e levantar a voz cando proxectos como Altri poñen en risco o medio natural e o futuro de Galiza.

Gobernar tamén é actuar con responsabilidade e pensar nas xeracións que veñen.



Canto máis forza teña o BNG, máis forte será Galiza para defender os seus intereses

**Ana Pontón,
Portavoz Nacional do BNG**

Quedan poucos meses para as eleccións municipais de maio de 2027. Como afronta o BNG esta cita?

Con moita ilusión e ambición. As eleccións municipais son unha oportunidade magnífica para demostrar que hai outra forma de gobernar, máis próxima, máis transparente e centrada en mellorar a vida das persoas.

O BNG ten un modelo municipal propio, construído durante décadas, que funciona alí onde gobernamos: concellos máis coidados, con mellores servizos, con planificación, transparencia e políticas pensadas para o interese xeral.

Estamos preparando candidaturas abertas, plurais e representativas da sociedade de cada concello. Queremos sumar persoas con capacidade, compromiso e ganas de transformar os seus municipios. E imos facelo coa ambición de gañar máis concellos e de ser decisivos para que o cambio chegue a máis lugares do país.

E que papel quere xogar o BNG nas próximas eleccións xerais, que tamén serán o ano vindeiro?

O obxectivo é claro: que Galiza teña máis forza no Congreso e no Senado para defender en Madrid os intereses galegos. Cada deputado e cada deputada do BNG é unha voz propia que non está subordinada nin ao PP nin ao PSOE e que só responde aos intereses de Galiza.

Nós xa demostramos que ter representación do BNG en Madrid serve para conseguir avances concretos para o país: investimentos, infraestruturas, competencias e recursos que doutro xeito quedarían esquecidos.

Temos que enfocar as Xerais con perspectiva galega. Non se trata simplemente de escoller entre bloques estatais.



Trátase de decidir quen vai defender Galiza e quen vai poñer os intereses galegos por diante. E nese sentido, canto máis BNG haxa, máis forte será Galiza.

Por que é tan necesario que Galiza se faga valer?

Porque Galiza ten capacidade, recursos, talento e potencial para avanzar moito máis, mais necesitamos maior capacidade de decisión. Facernos valer significa defender os nosos intereses, conseguir un financiamento xusto, fortalecer os servizos públicos e lograr que unha maior parte da riqueza que producimos quede aquí.

É hora de poñer fin ao espolio e discriminación que padecemos. Se Galiza se fai valer, temos todo para ser unha nación próspera, forte e con futuro.

Di vostede que o PP defende os seus intereses e os das empresas amigas, aínda que prexudiquen os intereses de Galiza?

Claro, en todos os temas importantes o PP galego pon os intereses do Partido Popular por diante dos intereses de Galiza. Di reclamar aquí determinadas cousas, mais despois en Madrid acepta ou vota decisións que prexudican o noso país.

Vémolo no financiamento, nas infraestruturas, na enerxía ou na defensa dos sectores produtivos. Galiza necesita un goberno que defenda o país e consiga resultados.

Esa é precisamente a diferenza do BNG: nós non temos que pedir permiso a Madrid para defender Galiza. O noso único compromiso é co noso país e coa nosa xente.

Contacta connosco!

✉ ocarballinho@bng.gal

🌐 www.bng.gal

☎ 676 71 84 26

📷 [@bngocarballinho](https://www.instagram.com/bngocarballinho)

📺 [@bng_o_carballiño](https://www.facebook.com/bng_o_carballiño)

✂ [@obloque](https://www.tiktok.com/@obloque)

